

002421 23.03.2010 09:02

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade "**II XORNADA CIENTÍFICA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA**" como créditos de libre configuración curricular esta Reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade "**II XORNADA CIENTÍFICA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA**", organizada pola Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria, que se vai celebrar o 24 de abril, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **1 crédito**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar aos alumnos da diplomatura en Enfermaría que se imparte na Escola Universitaria de Enfermaría de Santiago de Compostela e na Escola Universitaria de Enfermaría de Lugo.

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Aos efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurará como responsable académico universitario dona M^a Jesús Núñez Iglesias, profesora da Escola Universitaria de Enfermaría de Santiago de Compostela.

CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

A acreditación da actividade reflectirase mediante acta asinada polo responsable académico, que será enviada ao Servizo de Xestión Académica enviándoa este ás Unidades de Xestión Académica. Na citada acta, ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2010/52**.

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á Asociación galega de enfermaría familiar e comunitaria. Telf: 657183908 web: www.agefec.org .

QUINTO.-RECOÑECEMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán a solicitude na unidade de xestión académica onde se lles expedirá o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.



Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2010

O REITOR

Senén Barro Ameneiro